

2. Así mesmo, poderán obter o título de bacharel de acordo co establecido para as persoas maiores de 21 anos os alumnos que non superasen a proba e reúnan o requisito de idade para exercer a opción prevista no punto anterior.

Disposición adicional segunda. *Alumnos con estudos estranxeiros validables.*

Os alumnos españois ou estranxeiros con estudos homologables ós dos cursos do bacharelato definido na Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, que cursasen tales estudos no estranxeiro ou en centros estranxeiros autorizados en España e que desexen obter o título de bacharel, realizarán a proba regulada neste real decreto, sen prexuízo do disposto na normativa sobre validación de estudos estranxeiros e da aplicación, cando proceda, das normas específicas que regulen a proba para alumnos con estudos estranxeiros validables.

Disposición adicional terceira. *Funcións da alta inspección.*

No exercicio das funcións atribuídas no artigo 104 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, e no Real decreto 480/1981, do 6 de marzo, os representantes da Alta Inspección estarán facultados para efectuaren cantas actividades de comprobación e verificación sexan necesarias para o desempeño dos seus cometidos, incluída, entre outras, a realización de visitas de inspección ós tribunais a que se refire o artigo 9 deste real decreto, mantendo en todo momento as debidas relacións de coordinación cos órganos da comunidade autónoma.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto, que ten carácter de norma básica, dictase en virtude do establecido no artigo 149.1.30.<sup>a</sup> da Constitución e en uso da competencia exclusiva do Estado para regula-las condicións para a obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais válidos en todo o territorio español, recollida expresamente na disposición adicional primeira.2 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación de desenvolvemento.*

Correspóndelle ó ministro de Educación, Cultura e Deporte dictar cantas disposicións sexan precisas para a execución e o desenvolvemento do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 19 de decembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación, Cultura e Deporte,  
PILAR DEL CASTILLO VERA

**1302** REAL DECRETO 1742/2003, do 19 de decembro, polo que se establece a normativa básica para o acceso ós estudos universitarios de carácter oficial. («BOE» 19, do 22-1-2004.)

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, establece no seu artigo 42.2 que para acceder á universidade será necesario estar en posesión do título de bacharelato ou equivalente. É esta unha condición de acceso que se impón como regra xeral e que permite estudar na universidade desde calquera modalidade de bacharelato cursado.

Esta nova regra de ingreso na universidade fai desparecer do noso sistema educativo universitario a proba de acceso, máis coñecida como selectividade, aínda que, tal e como regula este real decreto, a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, no seu artigo 42.3, permite establecer procedementos de admisión, con carácter complementario ó sistema de acceso xeral, e con carácter específico en función da titulación de que se trate.

Por outro lado, a lei orgánica, segundo se desprende do seu artigo 44, reserva ó Goberno, do acordo coas comunidades autónomas e logo de informe do Consello de Coordinación Universitaria, a potestade para establecer límites máximos de admisión de estudantes, é dicir, límites máximos de prazas, por motivos de interese xeral ou para poder cumprir esixencias derivadas de directivas comunitarias ou de convenios internacionais.

A posibilidade de introducir mecanismos de admisión nas distintas ensinanzas universitarias de carácter oficial debe cumprir tres aspectos esenciais: en primeiro lugar, o respecto ós principios de igualdade, mérito e capacidade; en segundo lugar, a adecuación á normativa básica que dicte o Goberno, e o axuste á programación da oferta de prazas dispoñibles efectuada polas comunidades autónomas; e, en terceiro lugar, unha coordinación dos sistemas de admisión que lles permita ós estudantes concorreren a universidades diferentes, mantendo as posibilidades de mobilidade que lles ofrece o actual distrito aberto.

Os resultados destes procedementos de admisión que poidan establece-las universidades virán, en todo caso, determinados maioritariamente pola cualificación que o estudante obtivese no bacharelato. En efecto, de conformidade co previsto no artigo 37.4 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, dentro dos requisitos de acceso que poida establecer o Goberno, deberá prima-la dita cualificación final que resulta da media ponderada da cualificación obtida na proba xeral de bacharelato e a media do expediente académico do alumno no bacharelato.

Sobre este real decreto emitiu informe o Consello de Coordinación Universitaria.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación, Cultura e Deporte, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de decembro de 2003,

DISPONGO:

Artigo 1. *Acceso á universidade.*

1. O acceso á universidade no marco da autonomía universitaria regúlase con respecto ó dereito á educación, ós principios de igualdade, mérito e capacidade, non-discriminación e igualdade de oportunidades.

2. Os estudantes que reúnan os requisitos esixidos pola lexislación vixente para o acceso a estudos uni-

z  
versitarios que conduzan á obtención de títulos oficiais e con validez en todo o territorio nacional poderán solicitar praza nas universidades, de conformidade cos requisitos que se establecen neste real decreto.

#### Artigo 2. *Presentación de solicitudes.*

Os aspirantes a iniciar ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional poderán presentar as correspondentes solicitudes nas universidades da súa elección, con independencia de onde realizasen os estudos previos.

#### Artigo 3. *Requisitos xerais de acceso.*

1. Para o acceso ós estudos universitarios será necesario estar en posesión do título de bacharelato ou equivalente.

2. Os estudantes que superasen estudos que comporten dereito de acceso á universidade, conforme sistemas educativos de Estados membros da Unión Europea e de Estados parte do acordo sobre o espazo económico europeo, poderán solicitarlo seu ingreso directo nas universidades españolas.

3. Os estudantes que realizasen estudos previos ós universitarios conforme sistemas educativos de países non comunitarios poderán solicitarlo seu ingreso na universidade tras obter a homologación dos ditos estudos estranxeiros ó título español de bacharelato ou equivalente.

4. Non será necesaria a homologación ó título de bacharelato ou equivalente nos supostos de estudos recoñecidos como válidos para o ingreso na universidade por España, en virtude de acordos internacionais.

#### Artigo 4. *Procedementos de admisión de estudantes.*

1. Tódolos estudantes que estean en posesión do título de bacharelato teñen dereito a acceder a estudos universitarios nos termos establecidos no ordenamento xurídico.

2. De acordo co artigo 42.3 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, as universidades poderán establecer procedementos de admisión de estudantes nas súas ensinanzas de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, de conformidade co previsto neste real decreto.

3. Os procedementos de admisión que, para títulos universitarios de carácter oficial determinados, acordasen as universidades deberán respectar os principios de igualdade, non-discriminación, mérito e capacidade.

As universidades públicas unicamente poderán utilizar algún ou algúns dos seguintes criterios de valoración dos estudantes:

- a) Cualificación final do bacharelato.
- b) Itinerario cursado no bacharelato, en relación coa titulación elixida, ou estudos de formación profesional realizados.
- c) Cualificacións obtidas en materias concretas dos cursos de bacharelato, da proba xeral de bacharelato ou dos estudos de formación profesional.
- d) Formación académica ou profesional complementaria á formación académica oficial acreditada polo solicitante.
- e) Avaliación específica de coñecementos e/ou de aptitudes persoais.
- f) Outros estudos universitarios cursados con anterioridade.

4. Cando a universidade estableza procedementos de admisión nalgunha titulación oficial, o acceso a aquela virá determinado pola valoración conxunta resultante de

pondera-la cualificación final do bacharelato e a cualificación obtida no procedemento de admisión establecido. A ponderación da cualificación final do bacharelato terá que ter un valor, como mínimo, do 60 por cento do resultado final do procedemento de admisión.

5. A cualificación do título de bacharelato ou equivalente expedido conforme sistemas educativos estranxeiros será ponderada conforme o previsto nas normas específicas respectivas.

6. O acceso a ensinanzas universitarias de carácter oficial para as que non se establecesen procedementos de admisión virá determinado exclusivamente pola cualificación final obtida no bacharelato.

7. As universidades poderán establecer un número máximo de convocatorias para participar nos procedementos de admisión que se establezan para acceder a un título universitario de carácter oficial. Este número máximo de convocatorias non poderá ser inferior a catro.

8. Poderán ser establecidas probas de aptitude persoal para a admisión nos títulos universitarios de carácter oficial de belas artes, traducción e interpretación, ciencias da actividade física e do deporte e para aquelas ensinanzas en que sexa preciso avaliar habilidades específicas necesarias para poder cursa-los estudos de que se trate.

#### Artigo 5. *Oferta de prazas.*

1. As comunidades autónomas efectuarán a programación da oferta de ensinanzas de carácter oficial e as prazas correspondentes nas universidades públicas do seu ámbito de competencias de acordo con elas.

2. A oferta de ensinanzas e prazas comunicaralla ó Consello de Coordinación Universitaria o órgano competente de cada comunidade autónoma, antes do día 1 de abril de cada ano.

3. A oferta de ensinanzas e prazas incluírá a relación das titulacións de carácter oficial, con especificación daquelas para as cales cada universidade pública pretenda establecer procedementos específicos de admisión, así como as datas de realización destes.

4. O Consello de Coordinación Universitaria estudiará e determinará a oferta xeral de ensinanzas e prazas antes do 1 de xuño de cada ano. Esta oferta será publicada no «Boletín Oficial del Estado».

5. O dereito a ser admitido en ensinanzas universitarias de carácter oficial estará condicionado ó número de prazas que fosen ofertadas.

6. As universidades públicas non poderán deixar vacantes prazas previamente ofrecidas, sempre que existan solicitudes para a titulación de que se trate, presentadas dentro do prazo determinado e que cumpran os requisitos xerais de acceso, salvo nos casos en que se realizasen e superasen as probas a que se refire o artigo 4.8.

#### Artigo 6. *Límites máximos de prazas.*

1. O Goberno, en virtude do artigo 44 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, por motivos de interese xeral ou para cumprir esixencias derivadas de directivas comunitarias ou de convenios internacionais, poderá establecer, de acordo coas comunidades autónomas e logo de informe do Consello de Coordinación Universitaria, límites máximos de admisión de estudantes nuns estudos determinados. Estes límites máximos de prazas afectarán tódalas universidades públicas e privadas.

2. A decisión do Goberno adoptarase mediante real decreto que determinará as ensinanzas de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional sobre as cales se fixe un límite máximo de admisión de estudantes e a aplicación, se é o caso, de procedementos de admisión ás ditas ensinanzas.

3. Por proposta do Consello de Coordinación Universitaria, estableceranse no dito real decreto os criterios básicos relativos ós procedementos de admisión de alumnos para estas ensinanzas, que serán de aplicación en tódalas universidades, tanto públicas coma privadas.

#### Artigo 7. *Coordinación entre universidades.*

1. As comunidades autónomas adoptarán as decisións que correspondan sobre a aplicación dos procedementos de admisión e establecerán mecanismos de coordinación entre as universidades públicas do seu territorio, e, se é o caso, sistemas de recoñecemento mutuo dos procedementos establecidos por elas, e dos seus resultados. Estas decisións comunicaránse ó Consello de Coordinación Universitaria.

2. No seo do Consello de Coordinación Universitaria promoveranse acordos entre as universidades para o recoñecemento mutuo dos procedementos de admisión establecidos para títulos universitarios de carácter oficial concretos noutras universidades, da mesma ou diferente comunidade autónoma, así como o recoñecemento dos resultados dos ditos procedementos.

3. As universidades prestaranse apoio entre si para levaren a cabo os procedementos de admisión que o requiran en interese dos estudantes.

#### Artigo 8. *Calendario de admisión de estudantes.*

1. Cando as universidades públicas establezan procedementos de admisión, estes levaranse a cabo dúas veces ó ano, a primeira vez en convocatoria ordinaria, e a segunda vez en convocatoria extraordinaria.

2. Co fin de que o Consello de Coordinación Universitaria poida velar polo dereito dos estudantes a concorreren a universidades diferentes, de acordo co disposto no artigo 42.3 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, as comunidades autónomas comunicaránlle ó dito órgano as datas de realización destes procedementos con anterioridade ó 1 de abril de cada ano.

3. En función das datas fixadas para realización da proba xeral de bacharelato e do calendario para o desenvolvemento dos procedementos de admisión, o Consello de Coordinación Universitaria determinará os prazos de preinscrición, as datas de publicación de listas de admisión e o inicio do período de matriculación nas universidades públicas. A decisión que adopte o Consello de Coordinación Universitaria será publicada no «Boletín Oficial del Estado».

4. As comunidades autónomas adoptarán as decisións que correspondan no ámbito das súas competencias.

5. As universidades farán públicos os tipos de procedementos de admisión que vaian aplicar, así como as datas da súa realización, unha vez que o Consello de Coordinación Universitaria adoptase a decisión a que se refire o punto 3.

#### Artigo 9. *Adxudicación de prazas.*

1. As universidades públicas adxudicarán as prazas ofertadas de acordo coa seguinte orde de prelación:

a) En primeiro lugar, adxudicaranse prazas ós estudantes que obtivesen o título de bacharelato ou equivalente na convocatoria ordinaria do ano en curso, ou en convocatorias ordinarias ou extraordinarias de anos anteriores.

b) En segundo lugar, adxudicaranse prazas ós estudantes que obtivesen o título de bacharelato ou equivalente na convocatoria extraordinaria do ano en curso.

2. No caso de as universidades públicas teren establecidos procedementos de admisión, para a adxudicación de prazas rexerá a seguinte orde de prelación:

a) En primeiro lugar, adxudicaranse prazas ós estudantes que superasen o procedemento de admisión establecido pola universidade, na convocatoria ordinaria do ano en curso ou en convocatorias anteriores.

b) En segundo lugar, adxudicaranse prazas ós estudantes que superasen o procedemento de admisión establecido pola universidade na convocatoria extraordinaria do ano en curso.

3. No suposto a que se refire o punto anterior, a adxudicación de prazas realizarase en función da cualificación obtida polo estudante conforme o disposto no artigo 4.4.

#### Artigo 10. *Cambio de estudos.*

As solicitudes de estudantes que desexen acceder a estudos universitarios oficiais distintos ós comezados, na mesma ou noutra universidade, quedarán sometidas ó réxime xeral de acceso e adxudicación de prazas disposto no artigo anterior.

#### Artigo 11. *Continuación de estudos nunha universidade distinta.*

1. O estudantes que desexen continuar os seus estudos do mesmo título universitario de carácter oficial nunha universidade distinta poderán solicitar a súa admisión nesta.

2. A decisión sobre a admisión correspóndelle ó rector, quen resolverá de acordo cos criterios públicos de acceso que determine cada universidade para esa titulación e dos estudos cursados polo estudante.

3. A adxudicación de praza noutra universidade dará lugar ó traslado do expediente académico correspondente, o cal deberá ser tramitado pola universidade de procedencia, unha vez que o interesado acredite que foi admitido noutra universidade.

#### Artigo 12. *Estudantes en centros públicos españois no estranxeiro.*

Os estudantes procedentes de centros que impartan ensinanzas conducentes á obtención de títulos españois de carácter oficial situados no estranxeiro someteranse ós procedementos de admisión establecidos polas universidades nas mesmas condicións e cos mesmos requisitos cós demais estudantes.

#### Artigo 13. *Estudantes con estudos universitarios cursados conforme sistemas educativos estranxeiros.*

1. Os estudantes con estudos universitarios estranxeiros susceptibles de validación parcial, para os efectos de continuar as mesmas ensinanzas ou equivalentes en universidades españolas, deberán presentar a súa solicitude de admisión e validación ante o rector da universidade, que actuará de acordo cos criterios que estableza o Consello de Goberno, tendo en conta, en todo caso, as cualificacións do expediente universitario.

2. Os estudantes con estudos universitarios estranxeiros parciais que non obteñan a validación de, polo menos, o primeiro curso completo ou 60 créditos da ensinanza que desexen cursar, deberán superalo procedemento de admisión que, se é o caso, fose establecido pola universidade.

#### Artigo 14. *Reserva de prazas.*

1. As comunidades autónomas reservarán anualmente unha porcentaxe determinada de prazas en tódalas



z  
 las enseñanzas conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial, para seren adxudicadas entre os estudantes que se sinalan a continuación e sempre que estes reúnan os requisitos esixidos pola lexislación vixente e os previstos neste real decreto:

a) Estudiantes nacionais de países non comunitarios que reúnan os requisitos de acceso á universidade no seu país de orixe: sempre que os seus respectivos Estados apliquen o principio de reciprocidade noutra materia, reservárase un número de prazas non inferior ó un por cento nin superior ó tres por cento.

b) Estudiantes que superasen os estudos de formación profesional de grao superior: reservárase un número de prazas non inferior ó sete por cento nin superior ó 30 por cento, en función da ensinanza universitaria oficial de que se trate.

c) Deportistas de alto nivel: para aqueles estudantes que, reunindo os requisitos académicos correspondentes, o Consello Superior de Deportes cualifique e publique como deportistas de alto nivel antes do 15 de xuño do ano en curso, ou sexan cualificados como tales polas comunidades autónomas, reservárase prazas nun número non inferior ó un por cento nin superior ó tres por cento das dispoñibles e, adicionalmente, o cinco por cento das prazas correspondentes á licenciatuta en ciencias da actividade física e do deporte.

2. As universidades reservarán un tres por cento das prazas dispoñibles para estudantes que teñan recoñecido un grao de minusvalidez igual ou superior ó 33 por cento, así como para aqueles estudantes con necesidades educativas especiais permanentes asociadas ás circunstancias persoais de discapacidade que durante a súa escolarización anterior precisasen de recursos e apoios para a súa plena normalización educativa. A minusvalidez deberá estar acreditada polo órgano competente da comunidade autónoma correspondente.

3. As prazas obxecto de reserva que queden por cubrir serán acumuladas ás ofertadas polas universidades polo réxime xeral na convocatoria correspondente.

4. Os estudantes que reúnan os requisitos para solicitar a admisión por máis dunha vía de acceso (xeral e porcentaxe de reserva) poderán facer uso da dita posibilidade.

Disposición adicional primeira. *Maiores de 25 anos.*

1. Os estudantes maiores de 25 anos poderán acceder a estudos universitarios de carácter oficial tras superaren as probas específicas de acceso á universidade previstas na disposición adicional vixésimo quinta da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, reguladas polo Real decreto 743/2003, do 20 de xuño.

2. Para estes estudantes as comunidades autónomas reservarán prazas en cada unha das ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial en número non inferior ó un por cento nin superior ó tres por cento.

Disposición adicional segunda. *Maiores de 45 anos.*

1. Os maiores de 45 anos que desexen cursar estudos universitarios de carácter oficial poderán acceder, sen necesidade de estar en posesión do título de bacharelato ou equivalente, á universidade de acordo co procedemento específico de admisión que estableza o Goberno, logo de informe do Consello de Coordinación Universitaria.

2. Para a súa admisión deberánse, en todo caso, valoralos estudos académicos realizados e, en especial, a experiencia laboral ou profesional que acrediten.

3. As comunidades autónomas comunicaranlle anualmente ó Consello de Coordinación Universitaria a relación das ensinanzas de carácter oficial e o número de prazas previsto para cada unha delas.

Disposición adicional terceira. *Ensinanzas militares de formación.*

1. Os alumnos da ensinanza militar de formación para a incorporación ás escalas superior de oficiais e de oficiais dos corpos xerais dos Exércitos e da Infantería de Mariña, declarada equivalente con efectos académicos plenos á educación universitaria, en virtude da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas, e as súas normas de desenvolvemento, e que estean en posesión dos requisitos xerais de acceso ós estudos universitarios, poderán presentala súa solicitude de admisión e validación ante o rector da universidade, que actuará de acordo cos criterios que estableza o Consello de Goberno, tendo en conta, en todo caso, as cualificacións do expediente académico.

2. Os estudantes que non obteñan a validación de, polo menos, o primeiro curso completo ou 60 créditos da ensinanza que desexen cursar deberán superalo procedemento de admisión que, se é o caso, establece a universidade.

Disposición adicional cuarta. *Persoas con discapacidade.*

O acceso dos estudantes con discapacidade ós estudos universitarios de carácter oficial basearase nos principios de igualdade de oportunidades, non-discriminación e compensación de desvantaxes.

Os procedementos de admisión de estudantes establecidos neste real decreto e nas súas normas ou actos de desenvolvemento que sexan establecidas polas universidades conterán as medidas que resulten necesarias para a adaptación daqueles ás necesidades especiais destas persoas.

Disposición adicional quinta. *Universidade Nacional de Educación a Distancia.*

No caso da Universidade Nacional de Educación a Distancia, correspóndelle ó Goberno o exercicio das competencias que este real decreto lles recoñece ás comunidades autónomas.

Disposición transitoria primeira. *Estudios universitarios con límites máximos de prazas.*

Mentres o Goberno non faga uso da competencia que lle outorga o artigo 44 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, continuarán en vigor os límites máximos establecidos para cursalas correspondentes ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial.

Disposición transitoria segunda. *Alumnos con estudos de bacharelato anteriores á Lei 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación.*

Ata setembro de 2005 celebraranse as probas de acceso á universidade de acordo co Real decreto 1640/1999, do 22 de outubro, polo que se regula a proba de acceso a estudos universitarios. Tódolos alumnos que pretendan acceder á universidade ata o curso 2005/2006 farano de acordo co dito real decreto.

A partir do curso académico 2006/2007 aplicaranse para o acceso ós estudos universitarios os procedementos previstos neste real decreto.

Para os efectos do artigo 3.1 deste real decreto, darán acceso ós estudos universitarios, nos termos establecidos polo ordenamento xurídico, os títulos académicos

seguintes: o título de bacharelato previsto na Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, o título de bacharelato establecido na Lei 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, e os estudos anteriores declarados equivalentes a este último, de acordo con este real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Queda derogada a Lei 30/1974, do 24 de xullo, sobre probas de aptitude para o acceso ás facultades, escolas técnicas superiores, colexios universitarios e escolas universitarias, con valor regulamentario en virtude do punto 4 da disposición derradeira cuarta da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, e cantas disposicións de inferior rango fosen dictadas no seu desenvolvemento.

2. Queda derogado o Real decreto 69/2000, do 21 de xaneiro, polo que se regulan os procedementos de selección para o ingreso nos centros universitarios dos estudantes que reúnan os requisitos legais necesarios para o acceso á universidade, salvo o disposto no capítulo V do dito real decreto relativo á regulación da admisión de estudantes ó segundo ciclo de estudos universitarios oficiais que segue vixente para os ditos supostos.

3. Queda derogado o Real decreto 1640/1999, do 22 de outubro, polo que se regula a proba de acceso a estudos universitarios, sen prexuízo do disposto a disposición transitoria segunda deste real decreto.

4. Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter de norma básica e dítase ó abeiro do artigo 149.1.30.<sup>a</sup> da Constitución, en desenvolvemento do establecido no artigo 42.3 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento regulamentario.*

Correspóndelle ó ministro de Educación, Cultura e Deporte, no ámbito das súas competencias, dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Aplicación deste real decreto.*

Correspóndelles ás universidades adoptaren as medidas necesarias para garanti-lo cumprimento do disposto neste real decreto e resolver, conforme criterios de garantía, transparencia e inmediatez, as solicitudes, incidencias e reclamacións presentadas polos estudantes no exercicio dos seus dereitos.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

1. Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

2. O establecido neste real decreto será de aplicación ós procesos de acceso ás universidades a partir do ano académico 2006/2007, unha vez implantada, con carácter xeral, a proba xeral do bacharelato, en virtude do previsto no artigo 6.d) do Real decreto 827/2003, do 27 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación.

Dado en Madrid o 19 de decembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación, Cultura e Deporte,  
PILAR DEL CASTILLO VERA

**1303** *REAL DECRETO 49/2004, do 19 de xaneiro, sobre homologación de plans de estudos e títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.* («BOE» 19, do 22-1-2004.)

O artigo 149.1.30.<sup>a</sup> da Constitución atribúelle ó Estado como competencia exclusiva a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos. Esta competencia vén sendo exercida polo Goberno coa finalidade de dotar de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional os títulos expedidos polas universidades españolas, distinguíndoos así doutros títulos ou diplomas expedidos por universidades, institucións ou centros de educación superior que non gozan de tal carácter.

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, establece no seu artigo 35 unha serie de mecanismos para a homologación de plans de estudos e títulos académicos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, que teñan como finalidade garantir que os estudos universitarios en España obedezan a unhas regras básicas comúns de contido, organización e calidade, sen prexuízo das competencias que sobre esta materia lles corresponden ás universidades e ás comunidades autónomas.

Para estes efectos, a mencionada lei prevé un procedemento no que interveñen tódalas autoridades competentes en materia de educación universitaria, polo que resulta imprescindible dicta-la norma que o regule.

Así mesmo, en desenvolvemento dunha das principais innovacións da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, este real decreto recolle as previsións correspondentes á avaliación da calidade e acreditación das ensinanzas pola Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación, e ós mecanismos de suspensión e revogación da homologación de títulos académicos.

Sobre este real decreto emitiu informe o Consello de Coordinación Universitaria.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación, Cultura e Deporte, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de xaneiro de 2004,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten como finalidade desenvolver-lo procedemento necesario para a aplicación das medidas previstas no artigo 35 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, en relación coa homologación de plans de estudos e de títulos universitarios académicos, así como, se é o caso, a suspensión e revogación da homologación dos ditos títulos.

2. Este procedemento é aplicable ós plans de estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, así como ós correspondentes títulos.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, enténdese por:

a) Homologación dun plan de estudos: o proceso e o acto polo que o Consello de Coordinación Universitaria verifica que o contido do dito plan de estudos aprobado por unha universidade se axusta ás directrices xerais establecidas conforme o artigo 34 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.